



BUSQUEDA

Enviar unha denuncia Login

Buscar

**PORTADA** | **COMARCAS** | **DEPORTES** | **DENUNCIAS** | **PROGRAMA** | **ESQUELAS** | **O TEMPO** | **OPINIÓN** | **CONTACTO**

Avion | Beariz | Boborás | Cea | Leiro | Maside | O Carballiño | O Irixo | Piñor | Punxín | San Amaro

# O concelleiro socialista Iago Fariñas propón ao concello do Irixo que recupere a feira do Tellado

1, Maio 2017 Cope Carballiño



O Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello do Irixo ven de presentar unha moción para recuperar a feira do Tellado.

Expón Iago Fariñas:

Que pouco a pouco O Irixo vai perdendo recursos, servizos e o seu patrimonio material e inmaterial ante a pasividade do Grupo de Gobierno, como xa vimos advertindo dende fai tempo.

Que no Irixo, en tempos, recordan áinda a maioria dos veciños e veciñas que se disfrutaba dunha feira baixo a sombra da carballeira do Tellado na parroquia de San Cosme os días 2 e 17 de cada mes.

Que a feira do Tellado chegou a competir ca feira incluso do Carballiño afirmando áinda algúns veciños que era mellor e de más sona.

Que incluso o campo do Tellado e a súa feira chegaron ter históricamente os seus propios pendellos de pedra, empregados polos feirantes para resguardarse, gardar as cabalerías ou o gando, comer e facer as vendas e as compras, algunas destas construídas de pedra poderían datar do século XVIII.

Que por desgracia pola pouca sensibilidade e visión de futuro e respecto polo patrimonio na actualidade non existen estas edificacíons a diferenza do que pasa noutros concellos como o de Agolada, onde os seus pendellos foron declarados conxunto histórico-artístico en 1985, e en 1990 a Xunta de Galicia e o concello puxeron en marcha un proxecto para limpar e restaurar algúns deles, mágoa que no Irixo se preferise destruílos e facelos desaparecer como outras tantas mostras do noso patrimonio que por desgracia van esmorecendo e desaparecendo por todo o Concello ante a pasividade dun goberno acabado e sen capacidade nin ganas de defender o patrimonio e o futuro do mesmo nin do Irixo.

Que non hai escusas para dicir que non hai veciños e veciñas nin xentes para que O Irixo conservara a súa feira do Tellado, e as mostras térmicas ben preto, no Concello veciño de Castro Dozón, na Gouxa, existe unha pequena feira que resiste en contraposición ca do Irixo, e que é foco de reunión e socialización de todos os veciños e veciñas da contorna, tamén de moitos veciños e veciñas do Irixo que en ocasións a visitan para comprar algúna cousa ou simplemente dar un paseo ou compartir un prato de polbo, carne ó caldeiro e unha conversa con amigos e veciños.

Que a feira do Tellado, como outras moitas cousas, desapareceu e dende o goberno municipal non se fixo nin se fai nada por tentar recuperar esta feira áinda que so sexa como un evento de reunión e socialización dos nosos veciños e veciñas, onde ademáis co apoio adecuado e impulso poderíase, en pequena escala, dotar de compra venta de diversas mercadorías e incluso do rianxo dalgúns veciños e veciñas así como produtos do Irixo pero sobre todo un lugar de reunión e socialización entre veciños e veciñas do Irixo e da nosa contorna.

RADIO EN DIRECTO



COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO

ABRIR NUNHA NOVA FIESTRA

ENLACE DIRECTO

TEMPO

O Carballiño

Hoxe, Maio 2, 2017  
18:00-00:00Despexado  
21 °CMañá, Maio 3, 2017  
12:00-18:00Parcialmente nuboso  
18 °CMaio 4, 2017  
12:00-18:00Parcialmente nuboso  
21 °C

O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

CURTAS

DOMINGO 30 DE ABRIL: ROTEIRO GUIADO POLA PARROQUIA DE XURENZÁS, ORGANIZADO POLO CONCELLO DE BOBORÁS, PUNTO DE ENCONTRO NA IGREXA PARROQUIAL ÁS 9:30 HORAS.

PEQUEOCIO: OS DIAS 13,14 E 15 DE ABRIL NO POLIDEPORTIVO PACO CHAO, EN HORARIO CONTINUO DE 11 DA MAÑÁ A 9 DA NOITE, ENTRADA 5 EUROS.

6º CONCURSO FOTOGRÁFICO UNHA MIRADA DE XÉNERO DEDICADO "Á MULLER E O LIDERATO", ORGANIZADO POLO CONCELLERÍA DE IGUALDADE COA COLABORACIÓN DE POTIÑOS E CCA. BASES EN WWW.CARBALLINO.GAL

ROMARÍA-FESTA DE SAMPAIO (MASIDE) OS DIAS 28 E 29 DE XANEIRO E 8ª FESTA DO COCIDO O DOMINGO ÁS 14 HORAS, MENÚ A 18 EUROS POR PERSOA.

O ESPECTÁCULO MUSICAL INFANTIL "LA REINA DE LAS NIEVES" CHEGARÁ A O CARBALLIÑO O DIA 4 DE FEBREIRO. ESTE

Que dende logo, non cabe dúbida, que O Irixo non debería ser menos que Castro Dozón, e O tellado non debería ser menos ca Gouxa, e dende logo o que non admite discusión é que a carballeira do Tellado, a pesar dos pesares, é moito mellor lugar e espazo para acoller unha feira que o son outros recintos de feiras cercanas.

Que o Tellado e a que forá a súa feira, so precisan o apoio e apostar decidida dun goberno que queira traballar e molestarse por recuperar o noso patrimonio e darlle vida a un pobo e a unha feira que nunca se debeu deixar perder como tampouco se deberán nunca perder os seus pendellos xa esquecidos.

Que dito todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista do Concello de O Irixo presentou para a súa consideración e, dado a importancia de recuperar o noso patrimonio tanto material como inmaterial para desfrute dos veciños e veciñas do Irixo, insta ó Pleno municipal á adopción dos seguintes ACORDOS:

1º.- Que o Concello de O Irixo elabore un plan de recuperación e posta en marcha da feira do Tellado dispoñendo dos medios necesarios de planificación e promoción necesarios para elo.

2º.- Que o Concello de O Irixo poña en marcha a feira do Tellado no presente verán aproveitando esta época do ano na que residen máis veciños no Concello polas súas vacacións.

DIA OFRECERÁ DOIS PASES NO AUDITORIO, AS 17 E 19 HORAS. VENDA ANTICIPADA A 12 EUROS NO RTE. FUCHELA.

EDUCATEATRO PRESENTA O SEU ESPECTÁCULO MUSICAL "O MUNDO MÁXICO DE PINOCHO". VENRES DIA 30 DE DECEMBRO ÁS 6 DA TARDE NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO.

DO 22 AO 29 DE DECEMBRO, O NOVOCINE DE LEIRO PROXECTA A PELÍCULA "CANTA".

NADAL NO CONCELLO DE CEA: O DOMINGO DIA 25 DE DECEMBRO ÁS 6 DA TARDE, CON ENTRADA GRATUITA, ACTUACIÓN DE MARÍA DO CEO NO CENTRO MULTIUSOS.

NADAL VIVIENTE DE DACÓN: DIA 25 DE DECEMBRO DENDE AS 11:30 DA MAÑÁ NA PRAZA E IGREXA PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE DACÓN.

O NOVOCINE DE LEIRO PROXECTA "STAR WARS". DO 16 AO 21 DE DECEMBRO.

Desenrolado por coroa.es

